

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA**

Corrección de erros.-Orde do 1 de xullo de 2008 pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre.

Advertido un erro na orde antes referida pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 129, do 4 de xullo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 13.159, cómpre eliminar do cadro de vacantes a seguinte liña:

9	I	004	TRC992090115001025	TR	Titulado superior	Oficina de emprego A Coruña-Monelos	Servizos periféricos		
---	---	-----	--------------------	----	-------------------	-------------------------------------	----------------------	--	--

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 27 de xuño de 2008 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para a atención e desenvolvemento do proxecto do Sistema de Información da Educación Galega (Siega).

Pola Orde do 28 de febreiro de 2008 convocouse concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para a atención e desenvolvemento do proxecto do Sistema de Información da Educación Galega (Siega).

En aplicación do establecido no artigo décimo segundo da citada convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no punto décimo segundo da citada orde os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos a partir do 1 de setembro de 2008, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer

recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago, 27 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE A POBRA DO CARAMIÑAL
RODRÍGUEZ RIAL, JOSÉ DNI: 33280363-F
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE BURELA
MENÉNDEZ ROCHA, JUAN ANTONIO DNI: 33310905-M
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE CANGAS
VACANTE
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE CARBALLO
LLORENTE CACHO, MIGUEL DNI: 7268127-X
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE CEE
LÓPEZ RIVAS, LUIS MATÍAS DNI: 76354296-T
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE MONFORTE DE LEMOS
LÓPEZ GARCÍA, GERMÁN JOSÉ DNI: 34255418-T
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DE NOIA
VACANTE
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CFR DO BARCO DE VALDEORRAS
BLANCO MADERNAZ, ANTONIO DNI: 34919508-B
- 1.- APOIO AOS CENTROS-SECRETARÍA XERAL (ZONA DA ESTRADA)
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, XOSÉ RAMÓN DNI: 33230221-M
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CEIP CALVO SOTELO (ZONA DO CARBALLIÑO)
SEQUEIROS NOGUEIRA, JOSÉ LUIS DNI: 34923459-Y
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN (ZONA DE BETANZOS)
FERNÁNDEZ GARCÍA, JUANA MARÍA DNI: 32772430-Y
- 1.- APOIO AOS CENTROS-CEIP DE REBORDÁNS (ZONA DE PONTEAREAS)
FERNÁNDEZ AMOSA, CÉSAR DNI: 36064054-P
- 2.- ASESOR/A SIEGA DE ESTATÍSTICA (SECRETARÍA XERAL) (2 PRAZAS)
RODRÍGUEZ-GIGIREY PÉREZ, MIGUEL ÁNGEL DNI: 34968202-Z
VACANTE
- 3.- ASESOR/A SIEGA DE REDES DE DATOS (SECRETARÍA XERAL)
LÓPEZ MOSQUERA, MANUEL DNI: 35446940-F

Orde do 27 de xuño de 2008 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubriren prazas de asesores/asesoras nesta consellería.

Por Orde do 28 de febreiro de 2008 convocouse concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubriren prazas de asesoras/asesores nesta consellería.

En aplicación do disposto no artigo décimo segundo da citada convocatoria, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso público convocado pola referida orde.

Segundo.-De conformidade co disposto no punto décimo segundo da citada orde, os seleccionados quedarán adscritos aos postos obtidos a partir do 1 de setembro de 2008 por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis.